



A II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL



Bandeira da II República (Bumteo, CC BY-SA 3.0)



ÍNDICE

A II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL

1. O LONGO CAMIÑO CARA Á REPÚBLICA. ESPAÑA 1898-1931.....	1
<i>Exercicios</i>	4
2. A II REPÚBLICA.....	5
<i>Exercicios</i>	7
3. A GUERRA CIVIL (1936-1939).....	8
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓNS.....	11

1. O LONGO CAMIÑO CARA Á REPÚBLICA. ESPAÑA 1898-1931

O período comprendido entre 1898 e 1931 está caracterizado pola crise da monarquía borbónica en España. O seu punto de partida sitúase en 1898, coa perda das últimas colonias, e o seu remate será a proclamación da II República en 1931. Durante este período alternaranse en España dous modelos políticos diferentes, o liberal conservador da Restauración e o ditatorial de Miguel Primo de Rivera. A pesar de que estamos ante un período clave na modernización económica e social do país, tamén é un momento de polarización social e fortes enfrontamentos. A incapacidade do sistema monárquico para xestionar esta situación provocará o seu desprestixio e abrirá as portas á democratización do país durante II República.

1.1. A crise do modelo político da Restauración

A perda das colonias de Cuba, Filipinas, Puerto Rico e a illa de Guam, no ano 1898, foi o punto de partida para a descomposición do sistema político da Restauración. A derrota fronte aos Estados Unidos supuxo, entre outras cuestións, unha perda de lexitimidade para un sistema que é denunciado cada vez con máis forza como corrupto e ineficaz. Esta crise de lexitimidade terá tres manifestacións básicas nos problemas políticos, nos conflitos sociais e nos problemas militares.

- **Os problemas políticos.** Veñen derivados da descomposición dos partidos dinásticos tradicionais. Esta situación está vinculada á división e á crise de liderado que experimentan a partir da necesidade de substituír os seus líderes tradicionais. Ademais, os intentos de poñer en marcha reformas do sistema fracasarán e os partidos pasarán a ser cada vez menos representativos, perdendo a súa lexitimidade e xerando unha forte inestabilidade política. Ao mesmo tempo, a oposición empezará a adquirir cada vez máis forza. O apoio aos republicanos e socialistas medra e a organización do movemento nacionalista será cada vez máis potente en Cataluña, o País Vasco e Galicia. A manifestación máis clara desta situación xurdirá no ano 1917 coa **Asemblea de Parlamentarios**. Os republicanos e nacionalistas reunidos en Barcelona, en aberta rebelión contra o Goberno, exixirán cambios constitucionais para democratizar a vida política. A pesar do fracaso desta iniciativa, o continuísmo, que defenden os partidos do réxime, resultará cada vez máis difícil de soste.
- **Os conflitos sociais.** A situación política e económica durante este período estivo acompañada dun elevado nivel de conflitividade social. A organización de sindicatos de clase por parte dos traballadores para reivindicar os seus dereitos deu lugar a que os conflitos laborais e as folgas se incrementasen moito. Estes conflitos remataban con frecuencia en violencia, tanto por parte dos traballadores como dos patróns. A contratación de pistoleiros por parte dos empresarios para rebentar as folgas e debilitar o movemento obreiro deu lugar a un fenómeno denominado

pistoleirismo, que é característico deste período. Dentro desta convulsa situación social, dous fenómenos destacaron sobre os demais. En 1909, a **Semana Tráxica de Barcelona**, que foi unha insurrección popular levada a cabo polas clases populares contra o recrutamento forzoso para ir á guerra de Marrocos, do cal as elites podían librarse a través dun pagamento. O outro gran conflito foi a **folga xeral de 1917**, onde unha mobilización obreira paralizou gran parte do país con reivindicacións políticas e non só laborais. Esta folga foi violentamente reprimida e abriu a porta a un período de gran conflitividade social, auspiciada pola crise económica vinculada á fin da I Guerra Mundial, que durou ata o ano 1923.

- **Os problemas militares.** Esta cuestión estará vinculada co incremento da participación política dos militares, primeiro a través da **Lei de xurisdicións**, que recoñecía a exclusividade da xurisdición militar nos delitos vinculados á inxuria ás forzas armadas ou contra a unidade da patria, e despois coa aparición das **Xuntas de Defensa**, para protestar contra o sistema de ascensos. Ambas as cuestións van mostrar a impotencia do réxime fronte aos militares que, apoiados polo rei, adquiren cada vez máis protagonismo político e social. Ademais, toda esta situación sucede no contexto da expansión colonial española no norte de África, que dará lugar á *Guerra de Marrocos*, onde España sufrirá numerosas dificultades e derrotas, entre as cales destacará a do *Barranco do Lobo* en 1909, ou o desastre de Annual en 1921.

En xeral, é posible observar como o sistema político da Restauración acaba por colapsar ante a incapacidade para facer fronte a esta situación. Así, logo do desastre de Annual, onde nuns poucos días faleceron máis de 10.000 soldados e no cal o rei está directamente implicado, o exército, para protexerse a si mesmo e o monarca, decide tomar o poder. En 1923, Miguel Primo de Rivera dará un golpe de Estado, suspenderá a Constitución e establecerá unha ditadura.

1.2. A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)

A partir do ano 1917, o sistema político da Restauración entrou na súa crise definitiva. A magnitude dos conflitos sociais, políticos e militares provocou que a opción dunha solución autoritaria fose cobrando forza entre os sectores máis conservadores da sociedade, especialmente na contorna do rei. En 1923, o golpe de Estado de Primo de Rivera cobrou forma no contexto da crise dos sistemas parlamentarios que percorreu Europa tras a I Guerra Mundial e que levou ao establecemento de réximes autoritarios en numerosos países europeos.

A causa definitiva para o golpe de Estado foi o intento por parte das Cortes de investigar as responsabilidades detrás do desastre de Annual e que ameazaban con alcanzar o propio monarca. Un réxime autoritario libraba o rei de problemáticas fiscalizacións. Esta foi a causa última do apoio directo do monarca ao golpe de Estado.

As primeiras medidas tomadas por Primo de Rivera tras a súa chegada ao poder foron declarar o estado de guerra, suspender a Constitución, disolver as Cortes, prohibir os partidos políticos e os sindicatos e rematar coa guerra de Marrocos. Nun primeiro momento, o golpe non atopou practicamente oposición, xa que a situación do sistema político da Restauración era tan mala que ninguén estaba disposto a defendelo.

A pesar de que, nun primeiro momento, a ditadura foi concibida como algo temporal para retornar máis tarde ao sistema parlamentario, a realidade foi que o réxime se mantivo ata 1930. Entre outras razóns, isto foi así grazas á bonanza económica da década de 1920 e á debilidade da oposición, que non cobrou forza ata o ano 1927.

A organización da ditadura pode dividirse en dúas etapas: **o directorio militar (1923-1925)**, onde o Goberno estaba directamente xestionado por militares, e **o directorio civil (1925-1930)**, onde se pretende institucionalizar o sistema político abrindo o Goberno aos civís.

A nivel económico o réxime seguiu un modelo de capitalismo de Estado a favor das oligarquías. Así, o contexto xeral europeo de crecemento económico favoreceu o desenvolvemento industrial, especialmente a siderurxia e a produción eléctrica, pero, por outro lado, as estruturas agrarias, que mantiñan a poboación campesiña na pobreza, non foron modificadas, impedindo unha mellora nas súas condicións de vida.

A oposición á ditadura foi en aumento mesmo dentro do propio exército. A partir de 1927, o réxime pasou a ser duramente criticado, especialmente por intelectuais, estudantes, obreiros e nacionalistas. A partir do ano 1929, a situación empeorou e a popularidade do ditador caeu en picado, facendo que o propio rei lle retirara o seu apoio. Así, en 1930, Primo de Rivera verase obrigado a dimitir.

Tras o fin da ditadura, o rei intentará salvar a súa situación mandando formar un novo Goberno e restaurando a Constitución, nun intento de recuperar o modelo político da Restauración. Porén, a oposición ao rei era moi forte, estando a súa figura directamente vinculada co ditador. En 1930, a oposición asina o **Pacto de San Sebastián**, buscando concorrer xuntos ás eleccións e instaurar unha república como alternativa á monarquía.



Primo de Rivera e Alfonso XIII-Primo de Rivera (German federal archives bild 102-09411- CCBY-SA 3.0 DE)

EXERCICIOS

Exercicio 1

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) O período 1898-1931 está caracterizado pola crise da monarquía borbónica en España.
- b) A Semana Tráxica de Barcelona é unha mobilización popular contra a carestía da vida.
- c) Alfonso XIII intentou reducir a influencia dos militares na vida política española.
- d) A bonanza económica a nivel internacional favoreceu o mantemento da ditadura de Primo de Rivera ata 1930.

Exercicio 2


Un dos obxectivos do Directorio civil durante a ditadura de Primo de Rivera era:

- a) Eliminar a influencia dos militares na vida política española.
- b) Institucionalizar o sistema político creado por Primo de Rivera.
- c) Defender os intereses dos partidos nacionalistas.
- d) Recuperar o modelo político da Restauración.

2. A II REPÚBLICA

O 12 de abril de 1931 celébranse en España eleccións municipais. A pesar de que, grazas ao fraude electoral que caracterizaba o modelo político da Restauración, os partidos monárquicos reciben máis votos, os partidos republicanos resultan vencedores. Unha vez coñecidos os resultados, Alfonso XIII exíliase e resulta necesaria a formación dun goberno provisional. O 14 de abril de 1931 proclámase a II República española.

Unha das primeiras medidas do Goberno provisional foi a convocatoria das Cortes Constituíntes para que se encarguen de redactar unha nova Constitución. Nestas eleccións, os partidos republicanos volverán saír vencedores. O resultado final do labor destas Cortes será a Constitución de 1931.



Festa logo da proclamación da II República (autor descoñecido-dominio público)

As características principais da nova Constitución son as seguintes:

- Implantación dun **réxime plenamente democrático**.
- **Sufraxio universal** sen distinción de sexos. Será a primeira vez que as mulleres adquiren dereito de voto en España.
- **Recoñecemento das liberdades individuais**, como a liberdade de expresión, de reunión e de asociación. Tamén se aproba o dereito ao divorcio.
- **Separación igrexa-Estado**. Non existe unha relixión oficial. Liberdade de culto. Dereito a recibir unha educación laica.

- **Organización territorial descentralizada.** Ábrese a porta á formación de rexións autónomas. Recoñecemento das linguas desas rexións xunto co castelán.
- **Potenciación do ensino público.**
- **Importancia do benestar social colectivo.** Permítese a expropiación de bens de utilidade pública.

O carácter reformista e democrático da nova constitución provocou un forte rexeitamento entre as clases máis conservadoras da sociedade, que eran as que viñan beneficiándose do sistema ata o momento. Os aspectos máis contestados foron o tema relixioso e o recoñecemento das autonomías. Este rexeitamento deu lugar a que o período republicano estivo caracterizado dende o principio pola crispación da vida política, con continuas protestas na rúa e conspiracións para derrocala.

Dende a perspectiva do Goberno, o período republicano divídese en tres etapas:



Figura 4: Referendo sobre o Estatuto vasco-navarro do 5 de novembro de 1933 en Éibar (Indalecio Ojanguren-CC BY-SA 3.0)

- **O bienio reformista (1931-1933).** Intentan abordar os grandes problemas de España, que estaban pendentes dende o século anterior. Estes serían: a **reforma agraria**, que pretendía mellorar a vida dos campesiños e incrementar a produtividade do campo. **A reforma militar**, para reducir a influencia dos militares na vida política. **A reforma educativa**, convertendo a educación na vía principal para a mellora social. **A reforma eclesiástica**, que favorece a liberdade de cultos e a secularización da sociedade. A forte oposición por parte das elites económicas a estas reformas e a propia división no bloque reformista provocou o fracaso do proceso e a caída do Goberno.
- **Bienio conservador (1933-1936).** Os partidos de dereitas, contrarios ás reformas, acadan o poder. O principal labor do Goberno neste período foi paralizar as reformas iniciadas polo Goberno reformista. Estas políticas xeran un forte rexeitamento entre importantes sectores da sociedade. No ano 1934 ten lugar en Asturias unha sublevación onde as organizacións obreiras toman o control das bacías mineiras. Esta sublevación foi cruelmente reprimida polo exército e deixou máis de 30.000 detidos. En Cataluña, o Goberno autonómico sumárase á revolta e proclamará a República catalá. O fracaso desta deu lugar ao encarceramento do Goberno autonómico e á disolución do Goberno catalán. O final do bienio conservador está vinculado á división interna e aos escándalos de corrupción.
- **O Goberno da Fronte Popular (1936).** A vitoria das esquerdas agrupadas na Fronte Popular favorece o retorno ás políticas reformistas. A incapacidade dos partidos de dereitas de aceptaren os resultados das eleccións abre as portas ás conspiracións



militares contra a República que culminarán co golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 que dará paso á Guerra Civil.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) Os sectores máis conservadores da sociedade aplaudiron o carácter democrático e reformista da Constitución de 1931.
- b) Unha das características da Constitución de 1931 foi defender a educación privada.
- c) Durante o bienio conservador continuouse co labor reformista iniciado no período anterior.
- d) Os partidos de dereitas aceptaron de boa gana a vitoria da Fronte Popular.

Exercicio 4

Nomea seis características xerais da Constitución de 1931.

3. A GUERRA CIVIL (1936-1939)

O 18 de xullo de 1936, unha serie de levantamentos militares tiveron lugar en case todas as comandancias da península. Estes levantamentos foron a resposta aos movementos que o día anterior tiveran lugar en Ceuta e Melilla e que levaron o xeneral Franco a voar dende Canarias ata o norte de África para poñerse á fronte dos sublevados. Esta sublevación militar contra o Goberno lexítimo da República era a resposta da oligarquía que dominara a vida política española desde o século XIX contra o reformismo republicano que pretendía rematar cos seus privilexios. O fracaso da sublevación en moitas das grandes cidades, grazas á acción conxunta de militares fieis á República e das organizacións obreiras, deu lugar á división de España en dúas metades e abriu a porta a un conflito moi duro e sanguento, que tardaría tres anos en finalizar.

O Goberno republicano foi capaz de manter o control de gran parte do norte de España, salvo Galicia e Navarra. Tamén mantivo o control da maioría de Aragón, Cataluña, Levante, Madrid e unha parte significativa de Andalucía. No outro lado, os sublevados controlaban Galicia, o norte de Castela, Cáceres, parte de Andalucía, Navarra, parte de Balears e Canarias. En xeral, a España industrial quedaba baixo o control do Goberno da República, namentres que a maior parte da produción agrícola e gandeira estaba baixo o control dos sublevados.

Na zona controlada pola República, a autoridade do Goberno tivo dificultades para impoñerse, xa que os sindicatos, especialmente os anarquistas, e algunhas organizacións populares puxeron en marcha unha revolución social e organizáronse en milicias que levaron a cabo a expropiación de terras e fábricas. Non foi ata ben entrada a guerra cando se crea un único exército regular onde se integran as milicias. Esta división dentro dos republicanos, entre os partidarios da legalidade constitucional e os defensores da revolución social, foi un dos seus grandes problemas, chegou ao extremo de que nalgúns territorios deu lugar a unha guerra civil dentro da propia Guerra Civil.

No bando dos sublevados, que se fixeron chamar a si mesmos o **Bando Nacional**, crearon, para unificar o mando, a Xunta de Defensa Nacional, con sede en Burgos, e nomearon a Franco xefe de goberno. Todas as forzas políticas que apoian o golpe foron unificadas nun partido único, a FET de las Jons.

A nivel internacional, a Guerra Civil española tamén provocou divisións. Francia e o Reino Unido convocaron unha conferencia internacional que acorda non intervir na guerra para evitar a xeneralización do conflito. Aínda así, ambos os bandos recibiron axuda exterior. O bando dos sublevados recibiu armas e soldados da Alemaña nazi e da Italia fascista, que tiveron un papel moi destacado no conflito. O bando republicano obtivo asesoramento e armas da URSS. En xeral, a pesar do apoio de numerosos intelectuais e de contar coa simpatía dos militantes de esquerda de todos os países, de onde miles de voluntarios chegaron para alistarse e formar as brigadas internacionais, a axuda recibida polo bando sublevado, procedente de Alemaña e Italia, foi moi superior á recibida pola República.



Mapa xeral da Guerra Civil española (1936-1939). (Tyk-CC BY-SA 3.0)

A evolución da guerra acostuma a dividirse en tres grandes etapas:

- **Xullo de 1936-marzo de 1937.** O obxectivo principal do exército golpista é a rápida conquista de Madrid. As tropas procedentes do norte de África cruzan a península coa axuda de alemáns e italianos. O avance por Extremadura e Toledo ponos rapidamente nas portas de Madrid. Porén, o avance sobre Madrid fracasa ante as derrotas na batalla do Jarama (febreiro de 1937) e a batalla de Guadalajara (marzo de 1937). Ante a imposibilidade de tomar Madrid rapidamente, o xeneral Franco decide poñer en marcha unha guerra de desgaste, que foi o que converteu este conflito nunha guerra longa e cruenta.
- **Abril-outubro de 1937.** Ante o fracaso da conquista de Madrid, o novo obxectivo dos sublevados foi conquistar as zonas industriais do norte. Neste contexto é onde se produce o tristemente famoso masacre de Guernica, levado a cabo pola aviación alemá. A caída de Asturias, Cantabria e Euskadi modifica o balance de forzas do inicio da guerra. A caída do norte foi un duro revés para a República, xa que significa a perda da maior parte dos seus recursos mineiros e industriais.
- **Outubro de 1937-abril de 1939.** As forzas republicanas concéntranse no leste peninsular. Nesta fase ten lugar a batalla do Ebro, a máis sanguenta do conflito, onde o exército republicano foi practicamente destruído. En xaneiro de 1939 cae Barcelona e en marzo o exército de Franco entra en Madrid. O 1 de abril de 1939 remata a Guerra Civil coa vitoria do exército golpista.



EXERCICIOS

Exercicio 5

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) A sublevación militar do 18 de xullo de 1936 triunfou de entrada na maior parte das cidades españolas.
- b) Na zona controlada pola República a autoridade do Goberno tivo dificultades para impoñerse.
- c) Francia e o Reino Unido apoiaron decididamente o Goberno democrático da República.
- d) A batalla do Jarama foi a máis sanguenta do conflito.

Exercicio 6

A caída do norte da península foi un duro golpe para a República porque...

- Era un espazo produtor de comida.
- Era o lugar por onde chegaba a axuda de Francia.
- Era onde se concentraban a maior parte dos recursos mineiros e industriais.
- Favorecía a comunicación co Reino Unido.

Exercicio 7

Logo do fracaso no seu intento de tomar Madrid, a nova estratexia de Franco busca....

- Bloquear a axuda inglesa.
- Dificultar o contacto con Francia.
- Conquistar Sevilla.
- Poñer en marcha unha guerra de desgaste.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) **Verdadeiro.**
- b) **Falso.** A Semana Tráxica foi unha insurrección popular levada a cabo polas clases populares contra o recrutamento forzoso para ir á guerra de Marrocos.
- c) **Falso.** Alfonso XIII apoiou que os militares tivesen cada vez máis influencia na vida política española.
- d) **Verdadeiro.**

Exercicio 2

Un dos obxectivos do Directorio civil durante a ditadura de Primo de Rivera era...

- a) Eliminar a influencia dos militares na vida política española.
- b) **Institucionalizar o sistema político creado por Primo de Rivera.**
- c) Defender os intereses dos partidos nacionalistas.
- d) Recuperar o modelo político da Restauración.

Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) **Falso.** O carácter reformista e democrático da nova Constitución provocou un forte rexeitamento entre as clases máis conservadoras da sociedade.
- b) **Falso.** Unha das características da Constitución de 1931 foi potenciar a educación pública.
- c) **Falso.** Durante o bienio conservador paralizouse o labor reformista iniciado no período anterior.
- d) **Falso.** Os partidos de dereitas foron incapaces de aceptar a vitoria da Fronte Popular.



Exercicio 4

Implantación dun réxime plenamente democrático. Sufraxio universal sen distinción de sexos. Recoñecemento das liberdades individuais. Separación igrexa-Estado. Organización territorial descentralizada. Potenciación da ensinanza pública. Importancia do benestar social colectivo.

Exercicio 5

- a) **Falso.** A sublevación militar do 18 de xullo de 1936 fracasou de entrada na maior parte das cidades españolas.
- b) **Verdadeiro.**
- c) **Falso.** Francia e o Reino Unido acordaron non intervir na guerra para evitar a xeneralización do conflito.
- d) **Falso.** A batalla do Ebro foi a máis sanguenta do conflito.

Exercicio 6

A caída do norte da península foi un duro golpe para a República porque...

- Era un espazo produtor de comida.
- Era o lugar por onde chegaba a axuda de Francia.
- **Era onde se concentraban a maior parte dos recursos mineiros e industriais.**
- Favorecía a comunicación co Reino Unido.

Exercicio 7

Logo do fracaso no seu intento de tomar Madrid, a nova estratexia de Franco busca....

- Bloquear a axuda inglesa.
- Dificultar o contacto con Francia.
- Conquistar Sevilla.
- **Poñer en marcha unha guerra de desgaste.**